



## Concello de Vilar de Barrio

### **MEMORIA EXPLICATIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2024 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓ N CO EXERCICIO ANTERIOR**

A presente Memoria, de acordo co disposto nos artigos 168.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e o 18.1 a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, fórmulase para explicar o contido e principais modificacións do Orzamento municipal para o exercicio 2024 con respecto do vixente, que se somete á consideración do Pleno da Corporación.

O Orzamento Xeral do Concello de Vilar de Barrio para o exercicio 2024 que se presenta para a súa aprobación ascende a 1.747.000,00 € (un millón setecentos corenta e sete mil euros) no estado de gastos e a 1.747.000,00 € (un millón setecentos corenta e sete mil euros) no estado de ingresos.

A súa distribución por capítulos é a seguinte:

#### **ESTADO DE GASTOS: RESUMO POR CAPÍTULOS**

##### GASTOS

CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL.....	664.634,33
CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS. ....	363.891,79
CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS .....	15.500,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	89.950,00
CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA.....	22.550,00
CAPÍTULO 6 INVESTIMENTOS REAIS .....	590.473,88
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....	0,00
CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS .....	0,00

TOTAL ..... 1.747.000,00 €

#### **ESTADO DE INGRESOS: RESUMO POR CAPÍTULOS**

##### INGRESOS

CAPITULO 1.- IMPOSTOS DIRECTOS .....	222.725,00
CAPITULO 2.- IMPOSTOS INDIRECTOS .....	9.000,00
CAPITULO 3.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS .....	181.900,00
CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	816.751,00
CAPITULO 5.- INGRESOS PATRIMONIAIS .....	0,00
CAPITULO 6.- ALLEAMENTO INVEST. REAIS .....	0,00
CAPITULO 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....	516.624,00
CAPITULO 8.- ACTIVOS FINANCEIROS .....	00,00
CAPITULO 9.- PASIVOS FINANCEIROS .....	00,00

TOTAL ..... 1.747.000,00 €

O orzamento xeral atende ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria. O orzamento que se presenta para a súa aprobación preséntase equilibrado polo que non ten déficit inicial, cumprindo o preceptuado no artigo 165.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.





## Concello de Vilar de Barrio

Na comparativa entre orzamento 2023 e orzamento 2024 resultan os seguintes datos:

### ESTADO DE INGRESOS.

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
1	IMPOSTOS DIRECTOS	229.525,52	222.725,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	8.000,00	9.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	175.143,17	181.900,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	741.156,31	816.751,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	0,00
6	ALLEAMENTO PARCELAS	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	85.175,00	516.624,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>1.239.000,00</b>	<b>1.747.000,00</b>

A variación porcentual do estado de ingresos do orzamento 2024 con respecto ao exercicio anterior 2023 veuse incrementada en 508.000,00 € con respecto aos ingresos totais o que supón un 29,08 %.

Os criterios de estimación de ingresos detállanse no informe económico financeiro adxunto ó orzamento.

### 1.- ANÁLISE XERAL

- En canto ós recursos ordinarios (CAPÍTULOS I a V), foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as subvencións concedidas, as ordenanzas en vigor, as participacións nos tributos do Estado, o fondo de cooperación local, así como as demais que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé durante o exercicio.

Os impostos directos (Capítulo I) calcularonse de acordo cos datos facilitados polo Centro de Xestión e Cooperación Tributaria do Servizo de Catastro, excepto o Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica e o de Actividades Económicas, cuxa consignación se calcula en función do padrón que serve para a exacción deste imposto.

Os impostos indirectos, capítulo 2, referidos exclusivamente ó de Construcións, Instalacións e Obras, están en función do liquidado en 2023, tendo en conta os expedientes xa tramitados no exercicio e os que están en fase de tramitación. Tívoise en conta tamén a aprobación da modificación do tipo impositivo do ICIO, que pasou do 2 ao 4 por cen.

Os ingresos previstos no Capítulo III, Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos, calcularonse tomando como referencia as listas cobratorias facilitadas pola empresa que asiste ao concello na recadación, referidas a Taxa polo abastecemento de auga e pola recollida de lixo segundo a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do servizo de recollida de lixo, a previsión de ingresos que consta no estudo económico-financeiro da Ordenanza reguladora do prezo público correspondente á Piscina municipal, a previsión de ingresos da taxa polo servizo de axuda no fogar segundo os datos facilitados pola traballadora social do concello en función das horas que se están a prestar a día da data no Servizo de axuda no fogar e en función dos dereitos recoñecidos en anteriores exercicios con respecto





## Concello de Vilar de Barrio

á taxa por utilización privativa do dominio público, compensación Telefónica de España S.A. entre outros. Asemade prevense ingresos pola utilización do velorio municipal e pola taxa por dereitos de exame, cuxas ordenanzas foron aprobadas no exercicio 2022. Tense en conta a previsión de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga e a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por saneamento, de xeito que se cubra o custe destes servizos.

### - CAPÍTULO IV

A participación nos ingresos do estado para 2024 prevese segundo o incremento anunciado do 5,1 por cen e o Fondo de Cooperación Local fíxase en 202.950,00 euros.

Prevese asemade a aportación dos concellos de Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Vilar de Santos e Sandiás ao servizo de orientación laboral.

Os recursos consistentes nas subvencións ou axudas económicas tanto do Estado, da Xunta de Galicia como da Deputación, tanto para gastos correntes como inversións, consígnanse de acordo coas xa concedidas en firme, coas que se solicitan e se conceden tódolos anos ou coas solicitadas dentro dos prazos establecidos e debidamente tramitadas.

CONCEPTO	SUBVENCIÓN	IMPORTE
42000	Participación Tributos do Estado	261.182,00
42190	INGRESO INE e pacto de estado	1.800
45000	Participación en Tributos da CCAA.FCL	202.950,00
45002	TRABALLADORA SOCIAL E SAF	147.405,43
45002	EDUCACIÓN FAMILIAR	5.937,15
Total 45002		153.342,58
45050	TECNICO DE EMPREGO	9.773,65
Total 45050		9.773,65
45060	XULGADO DE PAZ (PERSONAL)	10.000,00
45060	CONVENIO INCENDIOS	101.368,00
Total 45060		111.368,00
45080	XULGADO DE PAZ (FUNCIONAMENTO)	1.350,89
Total 45080		1.350,89
46100	SAF BASICA	10.221,48
46100	PLAN PROVINCIAL	58.762,40
Total 46100		68.983,88
462	CONCELLOS	6.000,00
Total		816.751,00

- Os recursos do capítulo 5 de ingresos “Ingresos patrimoniais” ascenden a 0 euros.

- Os recursos do capítulo 7 de ingresos “Transferencias de Capital” ascenden a 516.624,00 euros.

As subvencións orzamentadas son as seguintes:





## Concello de Vilar de Barrio

CONCEPTO	SUBVENCIÓN	IMPORTE
720	DUS 5000	85.005,53
TOTAL 720		85.005,53
75080	Plan mellora camiños 2023-2024	35.507,35
75080	Plan mellora camiños 2024-2025	26.575,00
75080	Mellora de pavillón	16.925,10
75080	Adquisición material pavillón	1.595,10
75080	Posta en valor conxunto arqueolóxico Castelo Bóveda	16.530,78
75080	Mellora accesibilidade Arnuide	48.200,00
75080	Camiños concentración parcelaria	131.850,50
TOTAL 75080		277.183,83
761	Convenio CHMS-Saneamento Arnuide	67.934,64
761	Rede saneamento Rebordechao	86.500,00
TOTAL 761		154.434,64
Total		516.624,00

## 2.- ANÁLISE PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS

Conseguentemente, as principais modificacións que presenta o estado de ingresos respecto ó orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- No Capítulo I prevese unha diminución, e elo en función dos ingresos liquidados no exercicio 2023.
- Tendo en conta os ingresos liquidados no exercicio anterior, os expedientes xa tramitados no exercicio e os que están en fase de tramitación e a modificación da ordenanza fiscal reguladora do ICIO, establécese unha maior previsión por este concepto (Capítulo II).
- Respecto ás taxas, prezos públicos e outros ingresos, CAPÍTULO III, dotase un maior importe, en función da liquidación practicada por estes conceptos no ano anterior, e da previsión de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga e a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por saneamento, de xeito que se cubra o custe destes servizos.
- No CAPÍTULO IV a previsión de ingresos é maior que en 2023 debido fundamentalmente a que se incrementa a cantidade a recibir na participación nos ingresos do estado e se orzamentan 101.368 correspondentes ao convenio asinado coa Xunta de Galicia en materia de incendios, xa que as trasferencias correntes da Deputación Provincial de Ourense son inferiores en 19.537,68 euros.
- No CAPÍTULO VII, tomando como base as subvencións solicitadas e concedidas, dotanse maiores ingresos.

## ESTADO DE GASTOS.





## Concello de Vilar de Barrio

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
1	GASTOS DE PERSOAL	580.172,66	664.634,33
2	GASTOS EN BENS E SERVICIOS CORRENTES	386.127,27	363.891,79
3	GASTOS FINANCIEROS	9.500,00	15.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	95.750,00	89.950,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	29.768,32	22.550,00
6	GASTOS DE INVERSIÓN	137.681,75	590.473,88
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>1.239.000,00</b>	<b>1.747.000,00</b>

### 1.- ANÁLISE XERAL

#### A) GASTOS CORRENTES

CAPÍTULO I. O salario dos empregados públicos subirá nunha porcentaxe fixa do 2% coa chegada de 2024, que poderá elevarse noutro 0,5% adicional en función da evolución do IPC harmonizado (IPCA). Así o pactaron Goberno, CCOO e UXT no 'Acordo Marco para unha Administración do século XXI' asinado en outubro de 2022 e no que se contemplaba unha subida salarial para o conxunto dos tres anos de ata un 9,5%. Con todo, haberá que esperar ata o primeiro trimestre do ano para ver actualizadas as súas nóminas, unha vez que se aproben os Orzamentos de 2024, posto que o aumento dos seus salarios, ao contrario que sucedeu coas pensións, non se incluíu no decreto-lei de medidas económicas aprobado o día 27 de decembro. Con todo, dita subida aplicarase con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024.

As retribucións dos membros da corporación local polo exercicio do seu cargo adecuanse ás limitacións reguladas nos artigos 75 bis, ter e 109 da Lei 7/1985 que se estipulan anualmente nos PGE.

As retribucións da Alcaldía incrementaranse ao igual que se incrementen as retribucións do persoal ao servizo do sector público.

Asemade o salario das auxiliares do servizo de axuda no fogar, da encargada da limpeza, dos dous operarios de servizos e obras, do secretario do vulgado de paz, da auxiliar administrativa adxunta a biblioteca e demais persoal que se contrate en 2024 terá que axustarse ao salario mínimo aprobado para 2024. O salario mínimo subirá un 5% en 2024, de maneira que pasará dos 1.080 euros ao mes actuais aos 1.134 euros mensuais en 14 pagas. A alza, que se aprobará tras cumprir cos prazos legais necesarios, aplicarase con efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro.

En relación aos gastos de persoal (Capítulo I) están previstas as cantidades necesarias para facer fronte as retribucións do persoal funcionario e laboral do concello, así como as retribucións do titular da Alcaldía, e os custes sociais correspondentes.





## Concello de Vilar de Barrio

- Tomando como antecedentes as necesidades dos distintos servizos que deben prestarse durante o exercicio económico, consignáronse os créditos necesarios, dentro das posibilidades desta entidade, para atender a compra de bens correntes e prestación de servizos expresados no CAPÍTULO II.

- Prevese no CAPÍTULO III a contía necesaria para facer fronte ós gastos financeiros correspondentes á operación de tesourería concertada e as comisións cobradas polas entidades bancarias.

- Co obxecto de prever a concesión de subvencións e axudas económicas que poidan outorgarse ó longo do exercicio, así como para facer fronte a outras necesidades derivadas de obrigas adquiridas con outros organismos e para tódalas actividades que desenvolve o Concello, consígnanse créditos no CAPÍTULO IV. Recóllense dúas subvencións nominativas e inclúense as transferencias a outras entidades que agrupen municipios, convenios asinados coa deputación para autorización vertidos, limpeza fosas sépticas, autorización abastecementos e cumprimento de obrigas en materia de augas para ó consumo humano e o servizo de recollida do lixo.

- CAPÍTULO V.- Prevese un fondo de continxencia por importe de 22.550,00 € para posibles imprevistos de 2024.

### B) GASTOS DE CAPITAL

Consignase no Capítulo VI, Inversións Reais, un importe de 590.473,88 euros, actuacións financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital do Estado, da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Ourense e con recursos propios da entidade.

As inversións reais contidas no Capítulo VI coinciden coas presentadas no anexo de Inversións para o exercicio económico do 2024:

Camiños municipais: plan mellora camiños 2023-2024 e 2024- 2025 e camiños concentración parcelaria	1532-619: 244.695,06 €	193.932,85 € Xunta 50.762,21 € Concello	Ingresos afectados Fondos propios
Convenio CHMS-Saneamento Arnuide	160-619: 67.934,64 €	761:67.934,64 € Deputación	Ingresos afectados
Mellora de pavillón	342-632: 21.156,38 €	750: 16.925,10 € Xunta 4.231,28 € Concello	Ingresos afectados Fondos propios
Adquisición material pavillón	342-635: 1.993,87 €	750: 1.595,10 € Xunta 398,77 € Concello	Ingresos afectados Fondos propios
Posta en valor conxunto arqueolóxico Castelo Bóveda	432-619: 19.987,43 €	750: 16.530,78 € Xunta 3.456,65 € Concello	Ingresos afectados Fondos propios
Mellora accesibilidade Arnuide	1532-619:48.200 €	750: 48.200 € Xunta	Ingresos afectados
Obra DUS 5000	165-61905:100.006,50 €	720: 85.005,53 € Estado 15.000,97 € Concello	Ingresos afectados Fondos propios
Rede saneamento Rebordecho	160-619: 86.500 €	86.500 € Deputación	Ingresos afectados





## Concello de Vilar de Barrio

### **2.- ANÁLISE DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS**

En consecuencia, resulta que as principais modificacións que se introducen no estado de gastos, en relación co orzamento do exercicio anterior, son as seguintes:

#### **- Capítulo 1 Gastos de persoal.**

Os datos referentes aos gastos de persoal son detallados no anexo de persoal que consta na documentación do expediente do Orzamento 2024. Incrementáanse os gastos con respecto a 2023 e elo motivado fundamentalmente polo incremento salarial do persoal do sector público e do salario mínimo interprofesional e a inclusión no orzamento dos persoal laboral temporal a contratar ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilar de Barrio para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

#### **- Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos.**

Estes gastos presentan unha redución de 22.235,48 € con respecto aos do exercicio anterior, tendo en a previsión de ingresos e gastos de 2024.

#### **-Capítulo 3 Gastos financeiros.**

Estes gastos incrementáanse en relación ao exercicio anterior debido ao incremento dos tipos de intereses da operación de tesourería concertada.

#### **- Capítulo 4 Transferencias correntes.**

Os gastos do CAPÍTULO IV son menores que en 2023 e elo tendo en conta o avance da liquidación do estado de gastos correspondente ao exercicio anterior.

#### **- Capítulo 5 Fondo de continxencia e outros imprevistos.**

Prevese unha contía menor que en 2023, e elo para a cobertura de posibles imprevistos que xurdan ao longo do exercicio.

#### **- Capítulo 6 Gastos de Inversión.**

Incrementase o importe das inversións a realizar (CAPÍTULO VI), detalle que consta no Anexo de Inversións.

En definitiva, con esta proposta de orzamento que se presenta ao Pleno para a súa aprobación preténdense facer fronte ás obrigas esixibles á entidade local cunha previsión de ingresos realista e suficiente.

Polo exposto, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación e cadro de persoal xunto coas bases de execución para o exercicio 2024.





## Concello de Vilar de Barrio

---

**Segundo.-** Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

En Vilar de Barrio, O Alcalde, D. Manuel Conde Gómez.

Documento asinado dixitalmente

